

5ª PROPOSTA

MOI IMPORTANTE!!!

LE CON MOITA ATENCIÓN TODO O DE VERMELLO

CÓNTALLES A TEU PAI E A TÚA NAI ISTO SOBRE O ABALAR

• **CO ABALAR NON TEÑO NINGÚN PROBLEMA CANDO EU LLES MANDO MENSAXES. OU POLO MENOS, DE MOMENTO, ISO É O QUE CREO...**

EN CAMBIO, COMO XA LLES COMENTEI VARIAS VECES, SI QUE TEÑO PROBLEMAS CON ALGUNHAS MENSAXES QUE ME ENVÍAN ELES/ELAS.

E NON SEI CON QUEN PASA ISO NIN CAL É A CAUSA.

• **LEMBRA AS DÚAS MANEIRAS MÁIS SEGURAS PARA POÑERVOS EN CONTACTO COMIGO, TI E MAIS O TEU PAI E A TÚA NAI**

- POR TELÉFONO: [986 50 33 77](tel:986503377)

- POR CORREO ELECTRÓNICO: mbarrostaboada@protexdat.com

PROBAS DE LECTURA

TES QUE FACER O SEGUINTE:

• **BUSCA A PROBA DO LIBRO QUE LICHES NESTE 3º TRIMESTRE E IMPRÍMEA.**

• **DESPOIS FAI A PROBA (MOI AMODIÑO E FIXÁNDOTE MOITO), CON BOA LETRA E BOA PRESENTACIÓN. E NON CONTESTES Ó CHOU:**

- PRIMEIRO LE BEN CADA PREGUNTA (VARIAS VECES), ATA QUE TEÑAS MOI CLARO QUE É O QUE REALMENTE SE PREGUNTA.

- ANTES DE ESCRIBIR A RESPOSTA PENSA BEN O QUE VAS POÑER.

• **SE TES ALGUNHA DÚBIDA NALGUNHA PREGUNTA, PODES CONSULTAR O LIBRO.**

• **E LOGO (MOI AMODIÑO E FIXÁNDOTE MOITO) LE O QUE ESCRIBICHES, REVÍASO E CORRÍXE BEN TODO: SE FALTA OU SE SOBRA ALGO, A REDACCIÓN, A PUNTUACIÓN, AS FALTAS DE ORTOGRAFÍA...**

• **CANDO A ACABES MÁNDAMA XA POR CORREO: mbarrostaboada@protexdat.com**

• **O PRAZO PARA ENVIARMA REMATA O LUNS 25 DE MAIO**

• **SE TES ALGUNHA DÚBIDA CHÁMAME URXENTEMENTE Ó [986 50 33 77](tel:986503377)**

• **NON ESPERES ÓS ÚLTIMOS DÍAS PARA CHAMARME!!!**

Alumno/a _____ / _____ ESO _____

- 1.- O grupo que se dedica a investigar o misterio das badaladas está formado por dúas rapazas e tres rapaces. ¿Como se chaman?

- 2.- Dous dos rapaces foron unha noite ó adro para ver o que ocorría. Primeiro agacháronse na Casa do Sacristán. Despois entraron na igrexa, e un deles subiu ó campanario. ¿Que **NON** fixo o outro?

- 3.- A pista que obteñen da 1ª mensaxe é a seguinte: O CAMIÑO LÉVAVOS Ó FRÍO. ¿A onde deciden ir para buscar a seguinte pista?

- 4.- A noite que fixeron a cacharela no adro, despois de dar o reloxo as trece badaladas, o Leonardo esvarou no lousado (tellado) da igrexa e houbo caer ó chan. ¿Quen o agarrou?

- 5.- A 4ª mensaxe (VENDO MUÍÑO EN FUNCIONAMENTO NO RÍO BETELÓS – INFORMAN NO MESMO MUÍÑO POLAS MAÑÁS) apareceu publicada nun periódico. ¿Como se chamaba ese xornal?

- 6.- ¿Por que descubriron os rapaces que a mensaxe era a do muíño?

- 7.- Os rapaces querían falar con Dionisio do Louseiro, que era quen xeralmente se encargaba dos anuncios nese periódico, pero non puideron. ¿Por que?

- 8.- Na última mensaxe, que estaba colgada nunha farola, só había unha palabra. ¿Cal?

- 9.- Ó final descubren que era o Xuíz o responsable de que o reloxo dese as trece badaladas. ¿Por que razón o facía?

- 10.- ¿Como fixo o Xuíz **a primeira noite** para que o reloxo dese as trece badaladas? Explica só o que fixo a primeira vez, non o das noites restantes.

Alumno/a _____ / ____ ESO ____

Unha chave non é suficiente

1.- Cando o protagonista lle pediu a chave da felicidade, o cerralleiro explicoulle que xa a tiña feita porque xa lla encargara antes outra persoa. ¿Quen lle fora facer esa mesma petición había uns meses?

O caso do unicornio azul

2.- Di o protagonista: *Diante miña tiña unha especie de cabalo pequeno...* COMPLETA, coas dúas palabras que faltan, o que segue contando: *A súa pel era de cor _____ e no medio da testa saíalle un _____ puntiagudo.*

Un artista do neon

3.- Tendo en conta o traballo que facía cada un na empresa de rótulos luminosos, COMPLETA:

. O protagonista era o ...

. Elías era o que...

4.- As dificultades, para o protagonista e Elías, empezaron co rótulo dun bar. O dono quería chamarlle "Cafetería Kentucky"; pero como a eles non lles gustaba, ¿que nome puxeron no letreiro?

Vanesa e o anuncio de televisión

5.- Un sábado, despois do *casting* dos caramelos "Lambón", Vanesa tivo a confirmación de que súa nai xa non a ía obrigar a ver máis anuncios. COMPLETA, explicando o que pasou: *Despois do xantar botaban pola televisión O mago de Oz...*

O caso do estraño empregado

6.- Di quen era (ou mellor, que era) o último candidato ó posto de representante da fábrica de ataúdes, co que se entrevistou o protagonista.

Ser superheroe non é nada doado

7.- Cando Spiderman entrou, para pedirlle traballo, no despacho do dono da empresa, este pensou que era un impostor ou un bromista. Explica o que fixo entón Spiderman para demostrarlle que era o auténtico.

Noites de lúa chea

8.- Lord Arthur convertíase en home-lobo só determinadas noites. Explica que noites se producía esa transformación.

O libro das infinitas historias

9.- ¿Que facía o pai de Aurora Maceiras, tres veces ó ano, para conseguir os libros antigos que lle interesaban?

10.- Don Leonardo Cameselle vendeulle a Aurora Maceiras unha colección completa de *A novela de sempre*. No medio daquela colección estaba o *Libro das infinitas historias*, pero non chegou ás mans da libreira. Explica por que quedou sen el Aurora.

Alumno/a _____ / 1º ESO _____

1.- O día que Xusta, a protagonista, cumpre seis anos os pais regálanlle un canciño. ¿Como reacciona o avó ante a chegada do animal á casa?

¿E a avoa como reacciona?

2.- Xusta decide chamarlle **Máquina** ó can. ¿Por que lle pon ese nome?

3.- O condutor do autobús escolar era o señor César, pero os rapaces puxéranlle un alcume. ¿Cal?

4.- O primeiro día que o pai de Xusta levou a Máquina de caza, ¿que fixo o can?

5.- O pai da protagonista invita a comer ó seu xefe, e tamén van a súa muller e mais o seu fillo (Ricardito). Despois de xantar, o rapaz púxolle unha lata na cabeza a Máquina e Xusta deulle unha malleira ó tal Ricardito. ¿Que lle pasou ó cabo de dous días ó pai?

6.- Máquina enfermou. Logo púxose ben, pero desapareceu. ¿Por que?

7.- Algún tempo despois o can apareceu de novo. ¿Onde se atopan Xusta e mais Máquina?

8.- ¿Como se chama o rapaz que lle gusta a Xusta?

9.- Xusta ten que ir pasar a Semana Santa para outra aldea. ¿Para a casa de quen vai?

10.- Máquina morre atropelado polo coche do panadeiro. ¿Por que se botou diante do coche?

Alumno/a _____ / ____ ESO ____

Visitante das estrelas

1.- No INFORME Nº 1 que lle envía Xhant-L ó seu formador di o seguinte: ... *nos primeiros días que pasei en Laura fíquei completamente desconcertada, dado que o seu comportamento lingüístico non parecía obedecer a parámetros racionais de ningún tipo.*

¿Que **comportamento lingüístico** de Laura (e dos membros da súa familia) fai que Xhant-L opine así?

2.- Ó final de todo, ¿que decide facer Xhant-L?

Unha pedra na area

3.- Nunha parede do colexio había unha pintada sobre a protagonista. ¿Que poñía?

4.- Alba, a protagonista, atopou unha **pedra** na praia. Pero un amigo do irmán explicoulle que non era unha pedra, senón un anaco de ... ¿De que?

Un curso con Ana

5.- Esta historia vánnola contando tres persoas distintas. ¿Quen son?

6.- Para as eleccións ó Consello Escolar presentáronse tres candidaturas formadas por rapaces e, a última hora, unha formada por rapazas. ¿Que pasou ó final?

A primeira meta

7.- Mariña, a protagonista, vai correr a final galega de campo a través. Contándoa a ela, ¿cantos participan nesta final do seu Colexio?

8.- ¿Que opinaba a nai de Mariña sobre a súa afección ás carreiras?

Dúas rosas murchas

9.- Carme, a protagonista, vai pasar o verán cos seus avós na aldea. ¿Por que?

10.- Explica por que se titula este relato *Dúas rosas murchas*.

Alumno/a _____ / 1º ESO _____

- 1.- Os protagonistas desta historia son un rapaz e unha rapaza. ¿Como se chaman?

- 2.- ¿Cal era o nome abreviado do supercereal, a nova planta revolucionaria que creara a C.U.B.?

- 3.- ¿A que país marchan no seu transportador os dous irmáns para investigar aquela estraña planta que se estendía de forma incontrolada?

- 4.- ¿En que país europeo se atopaba a compañía multinacional que creara o supercereal?

- 5.- ¿En que lugar, e cerca de que cidade, tiñan preso os da compañía ó pai de Yu-Su, o neno chinés?

- 6.- ¿Que tiña nos ollos místico Beluz, o xefe supremo da compañía?

- 7.- ¿En que sacaron ó doutor Kim-Sam, o pai de Yu-Su, de onde o tiñan preso?

- 8.- Despois de salvar ó doutor Kim-Sam están todos na casa dos protagonistas (no muíño onde eles viven). Cando os descubren os da compañía, ¿en que logran escapar?

- 9.- Chegan a unha illa e a rapaza protagonista atopa nunha árbore unha casinha de táboas, na que vivían dúas nenas e un neno. ¿Por que estaban alí as rapazas e o rapaz?

- 10.- Despois de probar o antiveneno que atopara o doutor Kim-Sam, para eliminar a praga vexetal do chan, volven á illa; pero xa estaba alí místico Beluz con seis robots. ¿Quen os salvou nesa ocasión?

Alumno/a _____ / ___ ESO ___

- 1.- Tareixa abriu o voluminoso sobre que lle enviara o seu irmán Xabier. ¿Que había dentro?

- 2.- ¿Cal fora a causa principal de que Xabier Louzao se fixese tan coñecido como escritor e de que as súas obras obtivesen tanto éxito en moitos países?

- 3.- ¿En que mes se xuntaban Xabier Louzao e Adrián Novoa no seu Viveiro natal todos os anos?

- 4.- ¿Por que non querían falar da casa que comprara Adrián as persoas dos arredores?

- 5.- Adrián vai con moita frecuencia ó bar Sttugart, incluso a comer.
¿Como se chama o dono? _____ ¿E a muller? _____

- 6.- Unha noite, ás cinco da mañá, o teléfono de Adrián empezou a soar, a pesar de que non debía facelo. ¿Por que lle resultou tan raro que soase?

- 7.- Despois recibiu unha mensaxe polo fax. Só aparecían dúas palabras, repetidas moitas veces. Unha das palabras era ARRIBA. ¿Cal era a outra?

- 8.- Adrián atopara no faiado un grosso libro (un volume de luxo, de grandes dimensións e encadernado en pel) que contiña unha escolma do gravado europeo. Nun dos últimos gravados aparecía un cuarto cunha ampla fiestra e cunha rapaza contemplando a paisaxe. Pero, ¿que ocorría cada vez que Adrián volvía a mirar aquel gravado?

- 9.- A carón da cociña, despois de abrir un oco na parede, Adrián atopou o cuarto que aparecía no gravado. No chan había unha trapela (tapa). Ó levantala, ¿que viu?

- 10.- ¿Que accidente ocorreu na casa a noite do 28 ó 29 de abril, cando Xabier estaba encerrado nun cuarto de arriba?

Alumno/a _____ / ___ ESO _____

1.- ¡COIDADADO! DESTAS DÚAS CUESTIÓNS SÓ TES QUE CONTESTAR UNHA!

a)¿En que cidade colleu o avión Hadrián para vir para Santiago?

b) ¿Cómo se chama o aeroporto onde colleu Hadrián o avión?

2.- Hadrián enganou á azafata para que non o acompañase ó baixar do avión. ¿Como o fixo?

3.- O avó de Hadrián vive no medio do mar, pero cerca dunha coñecida vila galega. ¿Que vila é?

4.- Cando secuestran o avó de Hadrián, ¿en que o levan ata Portugal?

5.- ¿Como descubriron Hadrián e mais Sindo, o amigo do seu avó, o piso onde estiveran os secuestradores nesa vila galega?

6.- Nese piso (desa vila galega), Hadrián atopa no chan algo que será a pista para descubrir onde está o avó. ¿Que encontrou?

7.- Despois Sindo tamén encontrou no mesmo piso (desa vila galega) algo que lles daría outra pista. ¿Que foi o que atopou?

8.- Cando van cara a Portugal Hadrián decátase de que non leva carné nin pasaporte (e antes era necesario para cruzar a fronteira). Como teñen medo de que non o deixen pasar, ¿que fai para cruzala?

9.- Os mozos que foron secuestrar o avó de Hadrián están cabreados cos que o organizaran todo. ¿Por que?

10.- Cando xa levan algún tempo en Torreira (Portugal), Hadrián ten ganas de mexar e vaino facer onda un edificio en obras. ¿Que atopou alí?

Alumno/a _____ / 1º ESO ____

- 1.- Herr Doktor ía no *Zaratustra* e asaltárono os piratas. ¿Que fixo para escapar deles?

- 2.- Cando os piratas abriron as adegas do *Zaratustra* atoparon, dentro de troncos de árbores da selva africana, lingotes de ouro. ¿Que aparecía impreso naqueles lingotes?

- 3.- Rosa Ribeiro, *Ganso Salvaxe*, herdara do seu pai o pequeno xornal no que traballa. ¿Como se chama ese xornal?

- 4.- No xornal tamén traballan Pit e Pat. ¿Que parentesco teñen entre eles?

- 5.- Rai, o pirata máis novo e máis amable, cóntalle a Rosa Ribeiro que antes tocaba nunha orquestra. ¿Que instrumento tocaba?

- 6.- ¿Como se chama o barco pirata do capitán Bala Perdida?

- 7.- Bala Perdida mandara secuestrar a Rosa Ribeiro, *Ganso Salvaxe*, porque quería que o axudase a desfacerse dos lingotes que atoparan. ¿Que pretendía facer co ouro o capitán pirata?

- 8.- Rosa Ribeiro, despois de contar a historia do ouro no seu xornal, é secuestrada por Herr Doktor. Este encérraa nun sitio que se chama *O Salgueiro Tranquilo*. ¿Que era aquel lugar realmente?

- 9.-¿Como consegue Rosa Ribeiro que a enfermeira que a vixiaba leve unha mensaxe súa pedindo axuda á redacción do seu periódico?

- 10.- ¿Quen liberou a Rosa Ribeiro do lugar onde a tiñan prisioneira, *O Salgueiro Tranquilo*?

Alumno/a _____ / _____ ESO _____

- 1.- No periódico aparece a noticia da morte do cantante do grupo Derribos Arias. ¿Que fixo Carlota, a protagonista, coa foto de Poch?

- 2.- O profesor de inglés (Míster Bean) bota da clase a Miguel porque lle berrou a Toño: "¡Cala, gilipollas!" ¿Por que lle dixo Miguel iso?

- 3.- Días despois, Carlota fala con el desa expulsión. ¿Que lle insinúa Miguel que faga ela para axudalo?

- 4.- Por culpa dunha intoxicación con bocadiños de nata morren tres persoas e hai unhas vinte enfermas, entre elas un rapaz e dúas rapazas do instituto da protagonista. Unha das afectadas é Lidia. ¿Por que estaba tan preocupada Carlota por ela?

- 5.- Na clase da protagonista teñen un problema coa profesora de debuxo por un exame. ¿Por que?

- 6.- O profesor de Lingua Española quere que representen unha obra de teatro antes de Nadal. ¿Cantas obras lles dá, para que escollan? _____
¿Quen é o autor da elixida? _____
¿E cal é o título? _____

- 7.- Nacho, un compañeiro de Carlota, cando estaba en 2º da ESO empezara a criar bichos da seda e xuntara moitísimos. Pero un día súa nai díxerlle que tiñan que desaparecer. ¿Que argallou Nacho para desfacerse deles e gañar algúns cartos?

- 8.- Carlota está namorada de Miguel, pero un día ponse moi triste porque descobre que el... ¿Que descobre?

- 9.- Cara ó final da obra, un familiar de Carlota enferma de gravidade: ten cancro. ¿Quen é?

- 10.- Despois do desengano con Miguel, Carlota empeza a saír con outro compañeiro. ¿Como se chama?

1º=10/2º=8,75 **TRECE ANOS DE BRANCA** (I) Data- _____

Alumno/a _____ / ____ ESO ____

- 1.- ¿Como se chama a compañeira da clase que vai visitar a Branca todas as tardes ó saír do colexio?

- 2.- A pesar de estar enferma, Branca celebrou o seu trece aniversario. Explica, brevemente, como.

- 3.- Ese día os amigos leváronlle a Branca os seguintes regalos: Raquel un boneco dun dinosauro, Henrique tres libros, Artur e Fátima un walkman. *O regalo de Ana tiña desorientada, quizais por inesperado.* ¿Que lle levou Ana?

- 4.- A primeira foto que colocou Branca era unha na que estaban ela e mais a nai onda unha planta, a dracaena. ¿Por que súa nai lle tiña a esa planta moito máis cariño ca ás outras?

- 5.- Branca conta que lle gusta Lois dende hai xa algún tempo. Di que se decatou un día, hai un ano e pico, que ela o acompañara ata a súa casa. ¿Por que foran xuntos?

- 6.- O ano 1991, como se lle dedicara o Día das Letras Galegas a Álvaro Cunqueiro, o concello onde naceu este escritor convocara un concurso de narracións. Branca participou e gañou o primeiro premio da categoría B. O día 22 de maio foino recoller, con súa nai e co seu profesor. ¿A que vila foi?

- 7.- O profesor de Naturais mandoulles facer un traballo en equipo sobre a forma de vida dalgún animal. Branca e mais a amiga fixérono con Lois, sobre as pombas. ¿Por que elixiron eses animais?

- 8.- Branca conta que a profesora de Matemáticas, a *Vibora*, lle botara a Lois a culpa dun debuxo que aparecera despois dun recreo enriba da mesa dos profesores. ¿Como era aquel debuxo?

- 9.- ¿Que decisión toma o Consello Escolar con respecto a Lois, o amigo de Branca?

- 10.- Á directora do colexio apareceulle un anónimo, meténdose con ela, enriba da súa mesa. Aínda que lle botaron a culpa a Lois, ¿quen o escribira?

Alumno/a _____ / 1º ESO ____

1.- O rapaz protagonista desta historia é Paio. Pero, ¿como se chama o pai? → _____ ¿E a nai? → _____

2.- Normalmente o pai de Paio non ía co equipo cando xogaban fóra. Pero un domingo decidiu ir porque quería facer algo durante o partido. ¿Que foi o que fixo?

3.- Paio foi ó aniversario de Ana. Ademais do regalo que lle preparou a nai, levoulle algo especial. ¿Que lle levou?

4.- Á parte de Paio, no aniversario de Ana había 7 persoas máis. ¿Quen eran esas persoas? [AÍNDA QUE NON AS LEMBRES TODAS, CITA AS QUE RECORDES]

5.- Ana toca un instrumento musical, pero ela di que aínda que o fai bastante ben non ten condicións especiais para ser excepcional. ¿Que instrumento sabe tocar?

6.- Un día Paio e Ana están falando de se teñen mozo/a ou se saen con alguén. El dille que lle gusta moito unha rapaza, e ela preguntalle quen é. Entón el contéstalle: **Ti. Ti.** ¿Que fixo Paio a continuación?

7.- Cóntannos no libro: **Henrique chega á liña de fondo e centra moi pechado... Paio entra decidido e tírase en prancha xunto ó primeiro pau, remachando o gol coa cabeza.** ¿Que lle pasou entón a Paio?

8.- A Paio tiñan que levalo ó hospital; pero como na Guarda non había, ¿para que cidade o levaron?

9.- A nai de Paio dille ó home (é dicir, ó pai de Paio): **¿De verdade non sabes por que me namorei de ti? Igual pensaches que foi porque xogabas ó fútbol. Pois non.** Explica por que se namorou del.

10.- Un venres pola tarde, despois de estar na casa de Ana, Paio e ela van dar un paseo pola praia. Entón Paio ensínalle a Ana a facer algo sobre a auga. ¿Que foi o que lle ensinou?

Alumno/a _____ 2º ESO _____

- 1.- Uns días despois de atoparen o cadáver, Clara estaba no miradoiro cando viu a un mozo (que logo sabería que se chamaba Miguel) dentro dos terreos do pazo. ¿Onde estaba aquel mozo e que facía?
- 2.- O cadáver atopárono no pazo no ano 1995, pero xa levaba alí moitos anos. ¿En que época mataran a aquel home?
- 3.- A nai de Clara cóntalle ó tío Carlos sobre a aparición do cadáver no pazo: *A noticia só saíu o primeiro día nalgún xornal, pero logo non se falou máis nada. E na radio e na televisión xa nin apareceu.* ¿Por que saíra tan pouco nos medios de comunicación esa noticia?
- 4.- Se Rosalía, a avoa de Clara, estaba tan namorada de Rafael, o mestre, ¿por que casara con don Pablo Soutelo, o fillo dos donos do pazo?
- 5.- Conta Clara: *Estabamos ceando tan tranquilos e vai papá e preguntame diante de todos se era verdade que estaba saíndo con Miguel. [...] A pregunta colleume de sorpresa e contesteille que si.* ¿Que lle dixo entón o pai a Clara?
- 6.- O tío Carlos consegue saber algunhas cousas sobre o cadáver que aparecera no pazo grazas á médica forense, pois xa a coñecía de antes. ¿De que se coñecían Carlos e a forense?
- 7.- No estoxo que Clara atopou no pequeno caixón que estaba oculto no escritorio da súa avoa Rosalía había, entre outras cousas, dúas cartas. ¿Quen lle escribira esas cartas á avoa?
- 8.- Cóntalle o tío Carlos a Clara: *Miguel non ten nada grave, non te preocupes. Pero terá que gardar repouso tres ou catro días. Ten lesións por todo o corpo ...* ¿Que lle pasara a Miguel?
- 9.- Celsa, a cociñeira do pazo, díxolle a Clara que seu pai quería falar con ela, así que ó día seguinte foi velo. Chamábase Vicente e estaba moi enfermo, pero de mozo traballara moitos anos no pazo. Díxolle a Clara que lle ía contar un segredo moi grande, que xa llo confesara ó cura e que non quería levalo á tumba con el. Explica, da maneira máis clara e breve posible, cal era ese segredo.
- 10.- Ó final do libro conta Clara: *Meu tío chegou a un acordo con Miguel. Ofreceulle unha bolsa atípica, pagarlle ...* ¿A que acordo chegaron Miguel e o tío Carlos?

Alumno/a _____ 1º ESO _____

1.- Escribe o nome de cada Megatoxo diante do poder que posúe: Faísca, Ruxe, Ninfa e Lúa.

- a) _____ → Conseguía que medrasen as plantas.
- b) _____ → Facía conxuros e maxia.
- c) _____ → O seu corpo producía calor e lume.
- d) _____ → Adquiría a velocidade, a forza... dalgúns animais.

2.- No soto do colexio, sen que ninguén o imaxinase sequera, había un laboratorio impresionante. Desde a aula da profesora Larafuzas na que se encontraban os Megatoxos, ¿como se ía ata esa sala do soto?

3.- A profesora Larafuzas descubriu que o toxo estaba cerca dun poboado celta que existira uns tres mil anos antes. ¿Que tiveron que facer os dous rapaces e as dúas rapazas para intentar capturar o toxo?

4.- Como o druída mestre non estaba, o xefe do poboado ordenoulle a Gael (o aprendiz de druída) que fíxese algo para ??????. Explica para que tivo que dicir un conxuro e preparar unha apócema o rapaz.

5.- Cando Ninfa e Lúa estaban a piques de coller o toxo mutante soou un teléfono móbil, aínda que ningunha o levaba. Explica de onde saía o son e como falaron coa profesora Larafuzas, que era quen as chamaba.

6.- Ruxe cortoulle un brazo a Drunxel (o diaño líquido), que fixo algo abraiante para recuperalo. ¿Que foi o que fixo?

7.- Como Drunxel estaba formado por auga, a Faísca e a Ruxe ocorrúselles quentalo para que se evaporase. Pero como para evaporalo enteiro necesitaban moita calor, ¿que pensaron queimar?

8.- Mentres a xente do poboado preparaba a cea para celebrar a derrota de Drunxel, as rapazas foron dar unha volta con Gael e os rapaces botáronse a durmir. Cando elas volveron, ¿que fixeron para espertalos?

9.- Despois de volverse líquido outra vez, Drunxel decidiu absorber directamente ós catro Megatoxos. ¿Por que?

10.- Cando Ruxe saíu do corpo de Drunxel con Faísca ó lombo, Ninfa cravou ós pés do monstro a lanza de carballo de Gael. Entón reverdeceu e saíronlle ramas e follas. Explica todo o que pasou a continuación.

Alumno/a _____ 1º ESO _____

1.- Cando estaban na clase de Historia, co profesor Burela, unha persoa foi chamar a Ruxe, Ninfa, Faísca e Lúa. **¿Quen os foi buscar?**

2.- Os Megatoxos viaxaron ata a Idade Media (século XIII) para coller o Toxo mutante. Cando baixaron da máquina transportadora aínda era de día, pero parecía noite. **¿Por que había tan pouca luz?**

3.- Contan dunha sala na que entraron os Megatoxos no mosteiro: *A estancia na que se atopaban ben podía ter unha altura duns vinte metros... Nas paredes había andeis [estantes] divididos en dous andares [pisos]... Pero o máis importante era o que había nos estantes: centos, milleiros de ????????* **¿Que había nos estantes?**

4.- Lúa, sen querer, fixo que se inundase a sala do mosteiro onde quedaran encerrados os Megatoxos. **¿En que se transformou Ruxe para salvarlos e que non morresen afogados?**

5.- Ezbel, o mozo que atoparon no mosteiro, cóntalles ós Megatoxos: *Primeiro foi o edificio, que semellaba estar encantado... Entón apareceron os ????????. Apareceron noitos; uns grandes, outros con ás...* **¿Que foi o que apareceu?**

6.- Pregúntalle a profesora Larafuzas ó señor M.P.: *¿Que vai acontecer cos Megatoxos?*
Contéstalle o señor M.P.: *Nada que eu non queira que pase.*
Pregunta de novo a profesora: *¿Que van atopar alí os rapaces?*
E dille o señor M.P.: *Algo que...*
Conta, máis ou menos, o que dixo o señor M.P. que ían encontrar naquel lugar os Megatoxos.

7.- Cando estaban subindo pola ESCALEIRA DAS ESTRELAS, Ezbel e Faísca caeron desde uns corenta metros de altura. **¿Que fixo Ninfa para que os dous rapaces caesen sobre algo brando e nos se fixesen dano ó chegar ó chan?**

8.- Ezbel non estaba só, acompañábao a súa irmá Exeria. Cando a rapaza chegou onde os Megatoxos, **¿en que ía subida?**

9.- Di ó final do libro: *Os catro rodaron polo chan, a uns escasos metros da abertura do cráter. Este foise pechando até que non quedou nin rastro del. Do mosteiro apenas quedaban...* **¿Que pasou coa espada?**

10.- O profesor Burela dixo: *... a partir de hoxe imos ter dous alumnos novos na clase. Aínda que son de Galiza, estiveron estudando até o de agora en Francia.* **¿Quen eran eses dous novos alumnos?**

Alumno/a _____ 1º ESO _____

1.- Xoeliki coñeceu a unha rapaza no Facebook. En moi pouco tempo fixéronse amigos virtuais e están seguido chateando e xogando on-line, a través de Internet. **Como se chama esa rapaza?**

2.- Xoeliki, ao saír do colexio, tivo que volver só para a casa. Cando chegou á praza do barrio botou a correr e chocou cun *skater* que ía nun monopatín. O golpe foi tremendo, e caeron os dous ao chan. Entón o do monopatín berroulle; pero apareceu Fran, o irmán de Ari, que defendeu a Xoeliki e lle berroulle ao *skater*. **Que lle dixo Fran para demostrarlle que a culpa fora del?**

3.- Xoeliki estaba só na casa e chamaron á porta. Despois de comprobar que era un carteiro cun paquete, abriu e colleuno. Logo desenvolveuno, e dentro atopou... **Que había no paquete?**

4.- A secretaria da Academia de inglés MUZZY (que lle serve de tapadeira á Resistencia/Escola Pirata) acompañou a Xoeliki ao segundo piso e chegaron ao final dun corredor sen saída: diante tiñan unha parede duns tres metros de alto por dous de ancho. Pero Xoeliki, seguindo as indicacións da secretaria, conseguiu abrir unha porta secreta. **Como o fixo?**

5.- Na Resistencia/Escola Pirata, Mañoso (un mangallón de case dous metros) é quen se encarga de arranxalo todo. **Completa co que fai Mañoso:**

Recicla as pezas vellas que recolle _____, e con elas monta _____.

6.- Centulo, o profesor máis novo da Escola Pirata, naceu na zona da Arousa, fala con seseo e gheada e foi un neno prodixio. **Conta algunhas cousas do seu currículo.**

7.- Na Escola Pirata, o profesor Centulo leva a Xoeliki onda a rapaza que vai ser a súa compañeira de traballo nun proxecto. Ao vela, o rapaz recoñécea. **Di o nome da rapaza e explica quen é.**

8.- **Completa co que lles explicou o profesor Barbabranca a Xoeliki e mais á súa compañeira do proxecto: *Xa dixo Maverick que o virus agochaba perigos moito máis graves que a infección dos ordenadores. É unha extratexia para***

_____.

9.- **Completa:** A orixe do virus Capitangarfo.exe foi o xogo *on-line* _____.

10.- Despois de recibir a felicitación de toda a Escola Pirata por descubrir o password para desactivar o virus Capitangarfo.exe, Xoeliki marchou para a casa. Chegou antes ca súa nai, pero non tiña chave para abrir. **Como conseguiu entrar na casa antes de que aparecese a nai?**

Alumno/a _____ 1º ESO _____

1.- Antón, a nai e as tres irmás van pasar o verán a Portomarín, unha pequena vila da provincia de Lugo á beira do río Miño. Explica por que, na década de 1970, a poboación tivera que trasladarse a un lugar máis elevado que estaba bastante cerca.

2.- Antón e as irmás baixaron co can ata o leito do río, pois coa seca descendera o nivel do Miño. E un pouco despois o can atopou algo nunha parede oca dunha das antigas casas. Que encontrou?

3.- Antón e as irmás xa levaban dúas semanas en Portomarín, pero non sabían nada da vila nin da xente de alí porque só trataban cos peregrinos e cos turistas que pasaban polo albergue. Entón decidiron ir falar cunha persoa para que lles contase algunhas cousas que sucederan anos antes. A xunto de quen van?

4.- Algo que había nas paredes da igrexa chamou a atención de Carola. E ao achegarse viu con claridade o que era: números nun ton azulado pintados en cada unha das pedras. Por que tiñan números todas as pedras da igrexa de Portomarín?

5.- Despois de descubrir quen era a persoa que andara esa noite polo leito do río cunha lanterna, Antón e as irmás deciden ir tamén ata o río. Entón o can fixo un burato moi grande no lodo, e logo de bastante tempo saíu cun obxecto estraño e púxoo nunha man de Carola. Que era aquel obxecto?

6.- Antón e as irmás deciden ir de noite á casa do cura, cando el estea durmindo, porque queren baixar á despensa (onde están gardados todos os obxectos que os veciños almacenaran na igrexa había moitos anos e que nunca foran buscar) para coller unha caixa que ten gravada unha flor. Explica como fixeron para entrar na casa.

7.- Pero cando Iria e Antón estaban na despensa e xa colleran a caixa, acendeuse a luz da biblioteca e pola porta apareceu o cura en pixama e... Que levaba o cura na man?

8.- Explica por que razón non quería Xosé, o pai dos dous policías, que a súa irmá Magda (Magdalena) fose noiva de Marcelino nin que casase con el.

9.- Magda (Magdalena) morreu na antiga pousada de Portomarín cando o seu irmán Xosé a soltou e ela caeu e bateu cunha esquina da cama. Que fixeron entón Xosé e mais o cura co seu corpo?

10.- Don Marcelino pasaba, desde había moito tempo, o mes de agosto enteiro en Portomarín. Por que ía todos os anos?

Alumno/a _____ 1º ESO _____

1.- A historia comeza unha noite nun lugar de París que se chama Père-Lachaise, por onde unha moza vai correndo. Que é ese lugar?

2.- A esa moza que vai correndo de noite polo Père-Lachaise alcánzana tres homes e rodéana. Entón un deles dispáralle cun aparello parecido a unha pistola e unha especie de raio amarelo envolve a moza, que cae ao chan de costas. Que lle pasa a continuación ao seu corpo?

3.- Os FORMIG4S usan sempre unha furgoneta como medio de transporte. Pero non é unha furgoneta normal. Explica que dúas cousas, moi diferentes, ten dentro.

4.- O doutor Paumao inventou un aparello estrañísimo capaz de lanzar unhas ondas que... Que fan as ondas dese aparello?

5.- O doutor Paumao sobe ata a última planta da torre Eiffel coa cabeza do emperador romano Nerón (despois de revivilo) para ensinarlle o que está pasando en París. Que quere o doutor Paumao que vexa Nerón?

6.- Unha mañá FORNEL4 ve como o director do museo do Louvre chega á torre Eiffel e entra nun ascensor. Logo, mentres espera a que volva a aparecer o director, ve saír aos dous tipos que secuestraran o home vestido como Napoleón diante da catedral de Notre-Dame. Eles marchan nunha furgoneta. E FORNEL4, como non ten ningún coche, ¿que colle para perseguilos?

7.- Mentres persegue a eses dous tipos, FORNEL4 vai informando aos seus compañeiros cara a onde se dirixen. Pouco despois os catro FORMIG4S xúntanse diante da torre Eiffel e intentan entrar no ascensor. Aínda que non teñen chave conseguen abrir a porta e ven que o ascensor está embaixo de todo. Que fan para baixar?

8.- Cal é a profesión do doutor Paumao? → _____

. E que ambiciona, sobre todo? → _____

9.- Mentres FORMOS4 e FORNEL4 percorren o túnel que hai debaixo da torre Eiffel, FORX4N e FORM4IL estanos esperando no exterior. De repente oen un estoupido e ven que polo oco do ascensor sae unha columna de po. Como baixan ata o túnel FORX4N e FORM4IL para ir axudar ás súas compañeriras?

10.- Despois de entrar no agocho secreto do doutor Paumao, os catro FORMIG4S teñen que pelexar cun montón de esbirros. Pero mentres o doutor logra escapar. Explica que fixo para fuxir.

1.- A Estatua da Liberdade non está no seu lugar habitual en Liberty Island. Como desapareceu?

2.- A Estatua da Liberdade está sentada na azotea do famoso rañaceo Empire State Building, mirando a paisaxe neoirquina. Varios avións da policía dan voltas arredor dela e ordénanlle que baixe. Entón a Estatua da Liberdade érguese, fixa a vista nun dos avións e... Explica o que fixo.

3.- Di os nomes dos tres FORMIG4S que se meteron no río Hudson para buscar a Estatua da Liberdade.

• E agora escribe o nome do que os dirixe a través da súa tableta.

4.- Despois de saír do río Hudson os FORMIG4S van andando por un túnel abandonado do metro de Nova York. Logo dun tempo camiñando atopan a dúas mulleres que viven nese túnel, nun vagón, e que lles contan que observaron varias veces algo moi estraño. Que viron esas dúas mulleres?

5.- Escribe o que falta en cada oco sobre os dous cómplices do Doutor Paumao que chegaron con el ó túnel onde estaban a Estatua da Liberdade e mais os tres FORMIG4S agochados.

ROBERT THIEFF	JOHN LIAR
Perigoso _____ que actúa baixo o nome de <i>Shadow of the Waves</i> . Buscado pola Interpol e o FBI.	Coñecido tamén como _____, é axente de bolsa na NEW YORK STOCK EXCHANGE.

6.- Explica o que fixo a Estatua da Liberdade para saír do túnel e subir ata a rúa (a Quinta Avenida).

7.- Ó pasar por diante do Rockefeller Center o Doutor Paumao colle a pistola do Resurrector e dispara para revivir a figura do Atlas, o personaxe da mitoloxía grega que pesa case dous mil quilos. A enorme esfera que leva nas costas tena agora nas mans e lánzaa rodando contra a furgoneta dos FORMIG4S. Explica como consegue FORX4N parar a esfera.

• E agora explica o que lle fixo ó Atlas.

8.- A Estatua da Liberdade, despois de saír do túnel no que se agochada, chegou a Wall Street e parou diante da fachada principal da Bolsa de Nova York. Logo fixo un burato no chan, meteu unha man nel e colleu algo. Que foi o que sacou e pousou onda o Doutor Paumao e os seus cómplices?

9.- A continuación o Doutor Paumao, coa pistola do Resurrector, reviviu o Wall Street Bull (un touro esculpido en bronce que pesa máis de tres mil quilos) e ordenoulle que atacase os FORMIG4S. Explica o que fixo entón FORNEL4 para deter o touro.

10.- FORM4IL lanzoulle a súa tableta coa imaxe dunha pedra á Estatua da Liberdade, deulle na cabeza e a Estatua caeu de costas. O Doutor Paumao saíu despedido, coouse por un rexistro da **rede de sumidoiros** (*alcantarillado* en castelán) de Nova York e caeu nas cheirentas augas. Entón un dos moitos crocodilos que había alí foi cara a el. Explica o que pasou a continuación.

1.- O Doutor Paumao está na terraza dun edificio na que hai vinte e oito chemineas con forma de guerreiros. Di *“Encántame a maxia negra”*, ergue a man dereita e co dedo índice apunta cara ó ceo. E, sen máis, o dedo empeza a medrar en forma de pau alongado. Que fixo a continuación o Doutor Paumao con ese dedo.

2.- Nas páxinas 19 e 20 di que *“... contra as once da mañá as Rambles de Barcelona están ateigadas de xente”* e mais *“... faise difícil avanzar entre os mundos de xente que hai”*. Pero nas páxinas 21 e 22 conta que *“... persoas asustadas, de todas as idades, buscan refuxio nos edificios próximos, e os vendedores que atenden os postos liscan a fume de carozo”*. Por que fuxía toda a xente?

3.- O edificio de La Pedrera proxectouno Antoni Gaudí, un dos arquitectos máis orixinais e máis famosos de todo o mundo. Explica como morreu Gaudí.

4.- Pon **V**, se é verdadeira, ou **F**, se é falsa, onda cada afirmación sobre a igrexa da Sagrada Familia.

- O arquitecto Antoni Gaudí viviu os seus 15 últimos anos dentro da igrexa → _____
- O proxecto orixinal da Sagrada Familia non era de Antoni Gaudí → _____
- A Sagrada Familia visítala moi pouca xente → _____
- A Sagrada Familia xa hai anos que está rematada → _____

5.- FORNELA e FORXAN seguen perseguindo o DRAC e agora están ó lado do Monumento de Colón, unha das estatuas máis famosas de Barcelona. O DRAC decátase de que FORXAN se lle está achegando por detrás e arremete contra el, pero FORXAN esquívao e... Explica o que pasa a continuación co DRAC e co Monumento de Colón.

6.- Na montaña de Montjuïc houbo un parque de atraccións, pero pechárono no ano mil novecentos noventa e oito. Di o que atoparon, non obstante, os FORMIGAS cando chegaron alí.

7.- O coloso de La Pedrera deixa no chan o carrusel no que está o Doutor Paumao e intenta esmagar os catro FORMIGAS. FORXAN e FORMAIL van a toda velocidade pola montaña rusa, pero os raís están rotos e saen voando polo aire. Que lles pasou a continuación a FORXAN e a FORMAIL.

8.- Os FORMIGAS están sendo atacados polo coloso de La Pedrera. Entón FORMOSA dille a FORNELA: *“Coido que Paumao ten o seu cuartel xeral por aquí. [...] Búscalo e monta unha boa”*. E FORNELA atopouno. Onde estaba o cuartel xeral do DOUTOR PAUMAO?

9.- Quen lle dixo a FORNELA o que tiña que facer para vencer ó coloso de La Pedrera?

10.- FORXAN, FORMOSA e FORMAIL están a piques de ser esmagados, no antigo parque de atraccións da montaña de Montjuïc, polo espírito de La Pedrera. Un dos pés do xigante aproxímase ós FORMIGAS cando... Explica o que pasou a continuación.

1.- João pedíralles ós Reis un balón de coiro. Pero cando, pola mañá, foi mirar, ¿que regalo atopou?

2.- João aínda non tiña amigos, pero un día foi ó parque co seu pai e uns rapaces pedíronlle que xogase ó fútbol con eles. Cando rematou o partido díxolle un: "*Chámome Xabi. Algúns de nós...*". Que máis lle contou aquel rapaz a João?

3.- Conta João: Esa foi a herdanza que o avó lle deixou ó meu pai. Para el era tan importante que cando viñemos do Brasil para Galicia, tróuxoo collido entre as mans toda a viaxe. Que era?

4.- O pai contoulle a João a historia do can *Biriba*. Explica, de maneira breve e clara, por que razón se fixera tan famoso aquel can.

5.- O 6 de abril, o día do deporte, o pai de João vai ir ó colexio para falarlles ós rapaces do fútbol en Brasil. João e outros compañeiros prepararan un *power point*, pero un día desapareceu. Qwen o collera?

6.- João levaba un tempo xogando só na segunda parte, ata que unha tarde o adestrador falou con el e mais con Xabi. Despois desa conversa ían correr xuntos todos os días, sempre que non tivesen que preparar algún exame. Conta, de maneira breve e clara, o que lles dixo o adestrador.

7.- Cando remataron as clases algúns amigos de João marcharon para outras vilas, para xunto as súas familias. E despois de levar xa algún tempo de vacacións, como estaba só, João empezaba a aburrirse. Pero un día apareceu Xabi cuns folletos e uns papeis para apuntarse a algo. Para que eran?

8.- A João tiveron que operalo no hospital da Coruña. Explica o que lle pasou e de que o operaron.

9.- Garrincha estaba seleccionado para participar con Brasil no Mundial de Fútbol de 1950 que se celebrou en Suecia. Pero despois dunha proba psicolóxica e física díxéronlle que non podía ir. Non obstante, grazas a algo que pasou, ó final Garrincha xogou ese Mundial. Explica o que ocorreu para que puidese ir.

10.- A sala onde João facía a rehabilitación, despois de operarse, estaba chea de nenos e nenas. Pero o que máis lle chamou a atención a João foi un rapaz que se chamaba Xurxo e que andaba nunha cadeira de rodas. Tamén xogaba a fútbol, e era moi bo; pero xa non ía poder xogar nunca máis. Que lle pasara a ese rapaz?